MUSEOS CIENTÍFICOS CORUÑESES

5ºA

- ACUARIUM FINISTERRAE. BREVE EXPLICACIÓN SOBRE OS DISTINTOS HÁBITATS MARIÑOS COS SEUS PARTICULARES ECOSISTEMAS: CANTÍS, BATEAS, FONDOS MARIÑOS, ETC. EXPOSICIÓNS INTERACTIVAS CON PROTAGONISMO DO MUNDO MARIÑO.
- CASA DAS CIENCIAS. EXPERIENCIAS INTERACTIVAS RELACIONADAS COS FENÓMENOS CIENTÍFICOS. SESIÓN DIDÁCTICA NO PLANETARIO. RECOÑECEMENTO DAS ESTRELAS MÁIS BRILANTES E AS SÚAS CONSTELACIÓNS.

O día 9 de Abril fumos á Coruña de excursión, a ver os museos científicos.
Primeiro, fumos á Casa das Ciencias e vimos o Planetario, e logo todos os experimentos. Tamén había poliños e ovos para que naceran novos poliños.
Logo, fumos á Domus e vimos unha película sobre os arrecifes e despois na zona dos inventos vimos: a velocidade á que vai un balón de fútbol cando lle das unha patada, canto salta cada persoa, un parto, unhas fotos de sombra, a molécula do ADN, etc…
Máis tarde, xantamos no recinto da Domus, á beira do mar, cunhas vistas especaculares.
Finalmente, fumos ao Acuario e vimos unha grande variedade de animais acuáticos, como por exemplo: focas, tiburóns toro, raias, moreas, ollomoles, etc…
A excursión foi moi divertida, e gustaríanos moito volver.

DANIEL FERNÁNDEZ CALVIÑO, PABLO DE VALENZUELA BANDÍN, NUÑO ALONSO LOURIDO.

"ARQUESAN"

CENTRO AGROTURÍSTICO

5 anos

Arzúa-Ulloa é un territorio que, como tal, non figura nos mapas. O termo creouse hai poco máis dunha década, en 1995, para dar nomre á zona de Denominación de Orixe Protexida (DOP) que ampara a produción de queixos das comarcas de Arzúa e Melide en A Coruña e de A Ulloa e Chantada, na provincia de Lugo, así como uns poucos "concellos" limítrofes.
O centro agroturístico "Arquesan" está ubicado en Turces, no Concello de Touro, e realiza actividades escolares relacionadas co mundo da agricultura, gandeiría en xeral e da industria do queixo.
Nesta actividade preténdese que os nenos obteñan unha visión de como se fai o queixo, elaborando o seu propio (1/2kg), familiarizándose coas normas hixiénico sanitarias e deseñando unha etiqueta que garanta a seguridade do al imento.

11 de xuño. Alumnado de 5 anos A.
13 de xuño. Alumnado de 5 anos B e C.

LUZ, COR E SOMBRA

O alumnado de educación infantil e 1º ciclo de primaria tivemos a sorte de que Elena López deixara por un día o seu traballo na Facultade de Física para vir compartir con nós unha sesión que denominou "Luz, Cor e Sombra"
Anecdoticamente achegounos a termos como materia, átomos, radiación, fotóns,… que nos encheron de curiosidade e ledicia ao alumnado de EI e 1º ciclo.